

A traxectoria vital de Manuel María na Galiza da 2^a metade do século XX

CAMILO GÓMEZ TORRES

*Eu son Manuel María.
Nascín o ano 30, o 6 de outono,
en Outeiro de Rei da Terra Cha.
Son dunha caste rexa de labregos
fideles á súa terra i ó seu Deus.*

Agora son un namorado.

*Eu son Manuel María,
Cantor da Terra Cha que algunhos din.
Cantor da terra cha que leva un
cravada nas entranas, penso eu.*

*Eu son Manuel María,
labrego con algo de poeta.
Por eso gardo as albas
no fondo dos meus ollos
e ando de vagar o meu camiño,
e pídolles ás cousas súa tenrura
i ós homes pídolles verdade.*

Nestes versos, do poema “Carnet de identidade”, de *Documentos personaes* (1958), Manuel María define, a maneira de síntese perfecta, algunhas esencias e constantes da súa rica traxectoria vital e creativa: o outono, tempo de nacemento e tempo de creación; Outeiro de Rei, lugar de nacemento e residencia do seu mundo poético; a orixe labrega e a fidelidade á terra; o compromiso coa verdade, a xustiza e a defensa de Galiza; a transcendencia do amor, motor e equilibrio vital; a humildade e a sinxeleza, bandeiras da súa relación coas xentes; e a análise precisa da realidade socio-cultural e político-económica galega de mediados dos cincuenta expresada co símbolo dunha noite escura.

Cando na primavera de 1957 escribiu estes versos, este “labrego con algo de poeta” leva xa percorrido un longo camiño, longo pola intensidade do vivido, longo pola dor de tantas perdas irreparábeis, longo pola frustración de tantas negacións e longo polo sufrimento solidario coas xentes da súa caste vítimas de tantas humillacións. Desde moi neno, soubo que pertencía a un mundo marxinado e perseguido; e lonxe de illarse dese mundo, asulagouse nel, identificouse e abandeirou as arelas, necesidades e protestas das xentes da súa caste, os labregos, con todas as consecuencias. Primeiro labrego, despois poeta; primeiro galego, despois poeta. Ten entón 28 anos e reside en Lugo. Retrocedamos no tempo.

1. 1929-1948

Manuel María (Manuel María Fernández Teixeiro) nace en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929. É o primeiro fillo do matrimonio que forman D. Antonio Fernández Núñez e Da. Pastora Teixeiro Casanova, labregos acomodados. En 1931, 1934 e 1938 nacen os seus irmáns Xosé María, Antón María e Xesús María.

Nos seus primeiros anos de vida os acontecementos políticos sucédense en Galiza e España: a monarquía dá paso á II República (1931), o nacionalismo galego reorganízase e constitúese o Partido Galeguista (1931), sae adiante o Estatuto de Autonomía de Galiza (1936), Franco sublévase contra a República e dá comezo a unha longa e trágica guerra civil (1936-1939), á que seguen, tras o triunfo dos golpistas, corenta anos de privacións, barbarie, destrución e morte individual e colectiva: a ditadura franquista. As liberdades, os dereitos individuais e colectivos, a pluralidade cultural e nacional do Estado español foron vasoirados polas hordas feixistas. A casa galega que os nacionalistas comezaran a erguer durante o primeiro terzo do século XX e que afirmaran durante a República, foi convertida en cinzas e os seus construtores asasinados ou condenados ao exilio. O terror e a morte percorreron e apoderáronse dos camiños, das casas, das vidas e facendas dos galegos e galegas de ben. Nesa Galiza represaliada, oprimida e negada transcorre a infancia de Manuel María, rural e labrega, infancia que foi, a pesar de todas as andrónenas da ditadura, feliz, grazas á posición acomodada da súa familia, os Hortas, economicamente forte

e socialmente respectada: tiñan moitas propiedades polo que necesitaban xornaleiros e mesmo criados, e, ademias, o seu pai era o alcalde da vila, cargo vencellado á súa familia. O “Poema da infancia perdida”, pertencente ao poemario *Mar Maior* (1963), dá testemuño diso:

*A infancia é a miña patria
verdadeira.
O meu paradiso perdido.*

*Lembro a pureza dos meus sonos.
O pasmo que me causaban
as estrelas.
As paisaxes que quedaron
nos meus ollos.
Os contos do abó.
A doce voz da miña nai.
As verbas de meu pai...!*

Comeza a escola en Outeiro en plena guerra civil. Logo, vai á Rábade para preparar o Ingreso no Instituto. En Rábade, o mestre, D. Xoán Bautista Núñez Varela, saltando as prohibicións e imposicións da ditadura, dedica as clases vespertinas dos sábados a ler en voz alta e comentar textos literarios galegos da *Literatura galega* de Carré Aldao e a *Antoloxía* de Álvaro de las Casas. Na casa, o pai ten un exemplar dos *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, e algunhas pezas teatrais de Carré Alvarellos. A futura personalidade literaria de Manuel María comeza a perfilarse nestes encontros semanais coa Literatura galega. Tamén serán decisivas as “clases de retórica poética aplicada” que nas sestas do verán recibe de Manuel de Paderna, entre moitos outros oficios, poeta. Por estas datas escribe os seus primeiros versos.

Inicia o Bacharelato no curso 1942-43 no Instituto Masculino de Lugo. Antes de rematar o primeiro curso, en maio de 1943, morre o seu pai e faise cargo da súa educación o seu tío paterno, D. Xosé, crego, párroco de San Froilán, profesor de Filosofía no Instituto Feminino e fundador da Igrexa da Milagrosa, de Lugo. Con el vivirá até 1958, ano da súa marcha para Monforte. Despois de varios anos como alumno dos Maristas, retorna ao Instituto para rematar o bacharelato ao comezar o curso 1947-48.

Estes anos lugueses son duros e difíciles, social e familiarmente. Á irreparábel e dorosa perda do pai engadíronse outros pesadelos; ademais da perda de contacto diario cos amigos e coa nai e os irmáns, no curso seguinte, ao non dispor o seu tío Pepe de casa propia, ten que sufrir a durísima experiencia do internado na Academia Galicia dos maristas: “atopeime cunha disciplina realmente férrea. Non había cale-

¹ Manuel María, *Morrendo a cada intre (Anacos dunha vida)*, La Voz de la Verdad, Lugo, 1952.

facción e aqueles invernos de Lugo eran tremendos. Erguíámonos ás sete da mañá e o primeiro que faciamos era ir á misa. Almorzabamos, corriamos un pouco, formabamos no patio, izábanse as bandeiras da falanxe e a “nacional”, cantábase o ‘Cara al sol’ e comenzaban as clases. Entre clase e clase rezábase unha ‘Ave María’ e, pola tarde, o rosario e as novenas correspondentes. A comida era moi deficiente... Había un sistema de espionaxe, por parte dos acusetas que lle ían facer a pelota ó profesor, terrible”²; e, na casa familiar, había unha certa tirantez na relación cos irmáns, motivada sen dúbida pola súa situación e posibilidades formativas, ben diferentes ás deles: medio en broma, medio en serio, chamábanlle o fillo do crego.

A bimilenaria e amurallada Lucus Augusti será a súa residencia habitual durante o curso académico. A rutina dos seus días focalízase arredor das clases, pola mañá e pola tarde, o estudo e un tempo de ocio. Cando o tempo o permitía, gustaba de dar grandes paseos pola cidade e os seus arrabaldes; cando non, entregábase á súa afección predilecta, case visceral, a lectura, á que dá plena satisfacción na interesante biblioteca do seu tío; nela, as tres áreas do saber mellor representadas eran a Teoloxía, a Filosofía e a Literatura, como correspondía a un home dunha gran formación intelectual e moi interesado, non só polos asuntos relixiosos e/ou docentes que centraban o seu quefacer diario, senón tamén por canto acontecía dentro e fóra de Galiza e de España; unha lectura habitual destes anos será *A Biblia*; os textos poéticos, conceptual e formalmente, terán un peso decisivo nos seus primeiros libros de versos. Tamén era asiduo da librería Fusalba, onde por unha ou dúas pesetas podía mercar libros de vello. Son anos nos que entra en contacto cos líricos máis importantes da literatura española: as leituras do Arcipreste de Hita, Manrique, frei Luis de León, Lope de Vega, Góngora, Quevedo, Espronceda, Bécquer e Rubén Darío, unha das súas devocións poéticas daqueles anos, agrandan as fronteiras do seu coñecemento literario. Tamén o seu profesor de Literatura, D. Lázaro Montero, achégalle obras de clásicos españois e da Xeración do 27.

2. 1949-1963

1949 é un ano transcendente e decisivo na vida de Manuel María. Con só dezanove anos pronuncia a súa primeira conferencia no Círculo de las Artes sobre as vangardas poéticas; con só dezanove anos, intégrase na tertulia luguesa do café “Méndez Núñez”, invitado polo poeta Luís Pimentel, eixo e animador da mesma, o que o pon en contacto non só co mundo cultural lugués e galego, senón tamén coas novidades e iniciativas culturais e literarias españolas e europeas; con só dezanove

² Del Caño, Xosé Manuel, *Conversas con Manuel María*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1989, p. 21.

anos, convértese en editor da revista *Xistral* (só saen dous números por problemas económicos), na que publica o seu primeiro poema galego; con só dezanove anos, escribe o seu primeiro libro de versos, *Muiñeiro de brétemas*, que sairá ao ano seguinte na colección “Benito Soto”, de Pontevedra, e que será o primeiro libro de versos publicado en Galiza despois da guerra civil por un poeta novo; e na fronteira dos vinte, sae a súa primeira colaboración xornalística en *El Progreso*, de Lugo, sobre un libro de poemas de Luz Pozo... Os versos estarán escritos en galego, a súa lingua natural; pola contra, a colaboración xornalística, por imposicións políticas, será en español.

Entramos así na década dos cincuenta, anos positiva e negativamente transcendentales. Despois dunha década de represión, silencio, e ermo cultural, abrollan os primeiros xermolos dunha resistencia que medrará lenta e incontibelmente. A carón de feitos positivos como a creación da primeira colección de poesía “Benito Soto”, de Pontevedra, ou a da editorial Bibliófilos Gallegos, en Santiago, hai acontecementos dramáticos e negativos: ao comezar 1950, falece no exilio arxentino Castelao; nos meses seguintes, o colectivo galeguista que se reúne arredor de Ramón Piñeiro, opta pola autodisolución do Partido Galeguista, é dicir, rexeita a viabilidade da acción política como proxecto de futuro, reconducindo e reducindo o seu ideario exclusivamente ao plano cultural, único posíbel naquel momento pero non nos anos vindeiros; e como froito da nova liña de acción cultural, Ramón Piñeiro e outros intelectuais galegos fundan en xullo a editorial Galaxia.

Imposíbel a loita política, e tamén a sindical, as tertulias convértense nun dos poucos focos de resistencia antifranquista interior. En toda Galiza, a finais da década dos corenta, os que non participaban da euforia triunfalista e do fundamentalismo represivo dos vencedores, revitalizaron, a xeito de resistencia intelectual, as tertulias como vieiro de supervivencia dos seus idearios persoais, na esperanza dun cambio político. As tertulias son nos anos cincuenta os únicos foros de debate, análise e reflexión que escapan ao control do poder. Case todas as grandes cidades galegas tiñan unha ou dúas tertulias: a do café “Español”, en Santiago; a do café “Derbi”, en Vigo; a do café “Galicia”, na Coruña; as dos cafés “Miño” e “Parque de San Lázaro”, en Ourense; a do café “Méndez Núñez” e a da librería “La Voz de la Verdad”, en Lugo... A relación non remata aquí: tamén se celebraban tertulias en Ribadeo, Mondoñedo...

Na tertulia do “Méndez Núñez”, ademais de Luís Pimentel, participan escritores e artistas como Ánxel Xohán, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro..., e grande parte dos profesores e intelectuais lucenses (Carballo Calero, entre outros) que non comparten nin se identifican co ideario falanxista e franquista, e agardan un cambio político que permita a recuperación das liberdades secuestradas polo franquismo.

Manuel María e case todos os citados, nuclearizaron parte das súas inxerencias arredor desta tertulia. Aínda que raramente se lía poesía, os proxectos persoais encontraban comprensión e apoio nos compañeiros de tantas e tantas horas de

conversas, non só no Méndez Núñez, senón tamén nos paseos pola muralla, nas visitas a imprentas en busca dun presuposto ou dun tipo de papel ideal para unha publicación, nas ceas compartidas, na asistencia conxunta a actos diversos como conferencias, recitais... Unha mostra témola na singular financiación da colección de poesía “Xistral”: “Axudounos a financiar a Colección a Peña do Méndez Núñez. Pimentel, Ricardo López Pardo e algúns outros puxeron 250 pesetas cada un. Sa-couse o primeiro libro, mandáronselle dez ou doce exemplares a Del Riego, en Vigo; a Dónega, na Coruña; a Ben-Cho-Sey, en Madrid; a Manuel Fabeiro, en Noia; e vendíanos. Co que se xuntaba sacábase o seguinte volume. Se non chegaba, facíase outra suscripción no café”³.

Ademais, a través delas estableceuse unha canle de comunicación coa Galiza do exilio que permitiu manter unidos, a pesar da distancia física, aos intelectuais galegos que tiveran que exiliarse cos que quedaran e coa nova xeración de poetas, narradores, pensadores e artistas que iniciaba a súa andaina polos difíciles e complexos camiños da nosa cultura daqueles anos cincuenta da dura posguerra.

Unha carta, das moitas que uniron a Galiza interior e a Galiza do exilio, de Carlos Maside a Luís Seoane, datada en Santiago o 17 de febreiro de 1953, deixa ben claro, entre outras moitas cousas, a fundamental misión que as tertulias *cumpriron* neste novo alborexar da nosa cultura:

*(...) Fardel lo he recibido aquí, apenas llegado de Vigo a pasar las navidades. Paradojas de la Torre de Marfil me lo entregó Vázquez, días después, pero antes me dejó Sevillano el ejemplar que le dedicaste. El primero se lo presté a Varela Jácome, me lo elogió mucho e hizo una nota sobre él en La Noche todo lo extensa que le fue posible. Lo dejé luego a Manuel María, de quien tenía deseos lo conociese y le agradó e impresionó de veras, según él sinceramente me dijo; él lo ha dejado a otros que van formando cadena, al parecer, mientras algunos aguardan que vuelva a mis manos para que se lo ceda.*⁴

Tamén en 1949, rematados os estudos de bacharel, perante a negativa do tío a pagarlle os estudos universitarios se non facía a carreira de Dereito, inicia como alumno libre Filosofía e Letras en Compostela. Os exames de xuño teñen resultados frustrantes. Manuel María volve para Lugo sen recoller sequera as cualificacións e, ante a persistente negativa do tío a sostelo en Santiago para estudar calquera outra cousa que non fose Dereito, abandona o proxecto universitario definitivamente. Días despois destes acontecementos, en plena crise interior e dominado por unha intensa frustración, xerada polo propio fracaso e pola incompreensión do seu tío e da súa nai

³ Del Caño, Xosé Manuel, *Conversas con Manule María...* p. 48

⁴ *Luís Seoane. Textos inéditos*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1991. P. 76. Edición de Manuel Núñez Rodríguez.

ante as súas arelas e intereses, nunha noite na que “rifaron as tebras e as estrelas”⁵ agroman desde o máis fondo de si uns novos versos. Está a nacer *Morrendo a cada intre*, subtítulo “Anacos dunha vida”, poemario vivencial e existencial, pero non adscrito á estética existencialista saudosa imperante na época.

Os poemas, construídos nunha linguaxe agresiva, violenta e violentada anímica, conceptual e formalmente, evidencian o intenso conflito interior que desde meses atrás arrastraba, conflito que estourou de súpeto por mor dos últimos acontecementos. Dun dos poemas escritos nesa noite na que “rifaron as tebras e as estrelas”, o que leva por título “Salmo da miña consumación amarga” recollemos estes clarexadores versos do drama interior e da necesidade imperiosa de diálogo e comunicación que demanda o seu espírito:

*Se escribo estes poemas
é para poder librarme
deste odio fatal que levo dentro,
coma unha maldición de Deus omnipotente.
Quixera escribir nun penedo
a miña desesperación de león furioso
para que as campás
non choren sobre o meu sangue erto,
derramado nun inútil sacrificio.*

Á espera do servizo militar, segue en Lugo, vencellado á tertulia do “Mendez Núñez”, aínda que pasa tempadas na casa familiar en Outeiro de Rei. En Lugo, colabora con Ánxel Xohán na dirección da colección de poesía “Xistral”, que saca cinco libros de versos galegos entre 1952 e 1955.

En marzo de 1951 o seu irmán máis novo, Xesús María, é atropelado por un camión e morre. Semanas despois, en plena crise íntima e relixiosa, escribe o irado e censatorio *Libro de pregos*, publicado en Lugo en 1962.

O servizo militar lévao en 1952 a Parga e Santiago, na compañía de Uxío Novoneira, ao que trata desde os anos de estudantes de bacharel. En Santiago relaciónase, desde a tertulia do café “Español”, cos escritores da Xeración “Nós” e coa intelectualidade compostelá: Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brei, Ramón Piñeiro... Alí coñece o pintor Carlos Maside que deixa nel unha intensa pegada: Maside, nos seus longos paseos, achégao á imaxe real e verdadeira de Galiza, ao pensamento nacionalista e socialista, e reafirma racional e intelectualmente o seu compromiso sentimental e telúrico, sentido a través do idioma e a natureza, coa concepción de Galiza como nación con lingua, cultura, historia, costumes e economía de seu.

⁵ Así explica Manuel María, nunha visita a Borobó no diario *La Noche*, a súa conflitiva situación anímica a noite que escribiu os poemas base de *Morrendo a cada intre*. Borobó recollerá esta imaxe en “Anacos. Biografía sin plagio” (*La Noche*, Santiago, 29-IX-1952).

No lustro 1949-1953, Manuel María escribe nove poemarios: ademais dos xa citados (*Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre* e *Libro de pregos*) cómpre sinalar outros seis: *Acento sobre o silencio* (aínda hoxe inédito), *Elexías á miña vida pequeniña* (último libro seu publicado, xa en 2004), *Advento* (1954), *Poemas a Compostela* (1993), *Poema ó Miño* (publicado como *O Miño canle de luz e néboa* en 1996) e *Terra Chá* (1954).

A evolución temática e estético-discursiva destes poemarios traduce con precisión a evolución intelectual e ideolóxica que experimenta nestes anos: se entre 1949 e 1951, seguindo os lugares comúns e modas do momento, e as súas propias inxerencias e conflitos, escribe poesía existencialista, amorosa e relixiosa nun discurso barroco, culturalista e surrealista, entre 1952 e 1953, a súa poética inicia unha aproximación conceptual á terra e ás súas raigames labregas; ao tempo, o seu discurso poético íspese de retoricismos na procura da sinxeleza expresiva da linguaxe popular. Froito desta evolución é *Terra Chá*; este poemario, escrito no verán de 1953, marca a ruptura definitiva co esteticismo culturalista do existencialismo saudoso e asulágase, a través do canto da vida chairega, na tradición da poesía civil e comprometida vixente na lírica galega desde Rosalía.

Ao tempo, poemas seus aparecen tamén en revistas e xornais galegos: *Alba* (Vigo), *Aturuxo* (Ferrol), *El Pueblo Gallego* (Vigo), *La Noche* (Santiago), *Posío*. *Artes y Letras* (Ourense), *Tapal* (Noia) ou *Xistral* (Lugo); ou americanos: *Mundo Gallego* (Bos Aires) e *Diario de la Marina* (A Habana).

Fronte á creación poética, case exclusivamente en galego, as súas colaboracións xornalísticas —nalgun dos medios antes citados, ademais de *El Progreso*— están só en español, lingua imposta pola ditadura franquista a través das indicacións, consignas ou ordes expresas do seu aparato censor e represor. A estas alturas, Manuel María xa é plenamente consciente de que a problemática da lingua galega é o símbolo da problemática de Galiza. No seu primeiro artigo xornalístico (nadal de 1949), dicía: “es de lamentar que esta poetisa no escriba su obra en idioma gallego”⁶. En 1952, cando está a pór en marcha a col. de poesía *Xistral*, demanda de Luz Pozo un libro de versos en galego, que aparecerá co nº 2 da colección: *O paxaro na boca*.

En Lugo, xa liberado do servizo militar, inicia os estudos e prácticas de Procurador dos tribunais, profesión que comezará a exercer en Monforte en xaneiro de 1959. Nestes anos, ademais dos estudos e prácticas de Procurador, ademais de atender á saída dos títulos da colección “*Xistral*”, ademais de axudarlle ao tío crego nos traballos administrativos da parroquia, os traballos de Manuel María focalízanse arredor de dous eixos: dunha banda, o da creación literaria; e doutra, o das colaboracións xornalísticas, grande parte delas pagadas e única fonte de ingresos nestes anos.

⁶ Manuel María, “Dos notas sobre *Ánfora*, de Luz Pozo”, *El Progreso*, Lugo, 29-XII-1949.

Menor relevancia ten polo momento a súa actividade cultural: se entre 1949 e 1953 participa en sete actos, entre 1954 e 1963 faino en vinte e sete. A estrutura cultural luguesa, e galega, era deficiente e maioritariamente controlada polo réxime franquista. Fóra das tertulias, o ermo era case absoluto. Podemos distinguir dous tipos de entidades: dunha banda, as asociacións de clara filiación falanxista ou creadas polo propio réxime (Club Imperio, da Coruña ou SEU de Oviedo); doutra, as tradicionais sociedades recreativas (Liceo de Betanzos ou Círculo de las Artes de Lugo), que só illadamente se aventuraban a organizar conferencias ou recitais. Será xa a finais dos cincuenta e comezo dos sesenta cando se acenda unha luz na tebra coa creación da primeira das asociacións culturais galegas, “O Galo”, de Santiago, á que seguirá “O Facho”, da Coruña, no ano da primeira celebración do Día das Letras Galegas, dedicadas á figura de Rosalía de Castro, cuxos *Cantares Gallegos* apareceran un 17 de maio cen anos atrás.

En 1956 Manuel María coñece a Saleta Goi García, filla de D. Luís Goi Rigueira e Da. Elvira García Vega. O encontro de Saleta e Manuel María ten lugar nos salóns do Méndez Núñez, café onde se celebraban as tertulias. Despois de varios meses de relación epistolar que une Lugo e A Pastoriza, fanse noivos. Ábrese, entón, unha nova etapa na vida de Manuel María. Nova por gozosa, por plena, por compartida. Saleta, compañeira ideal, amante e amiga, equilibrio e sostén, comprensión e alento, lealdade e firmeza, é e será para sempre a luz que ilumine o seu vivir e lle axude a camiñar con firmeza e sen desmaio, sorteando os atrancos, abismos e perigos que a vida lle poña diante. O amor florecido nestes anos lugueses, e coidado con esmero día a día, ten expresión poética, amén de múltiples poemas recollidos en varios dos seus libros de versos, en dous poemarios: os intitulados *Entre a arxila e a luz*, escrito entre 1956 e 1957, inédito durante 45 anos, ata que no 2002 apareceu publicado dixitalmente na BVG, e *Poemas da labarada estremecida*, escrito en 1980 e publicado ao ano seguinte; e este poemario eixo e núcleo do seu rico cancionero amoroso, pertencen estes clarificadores versos:

*Nós fomos vivindo ano tras ano
 día a día
 intre a intre
 entre odios e miserias,
 resentimentos,
 noxos,
 tristuras,
 traizós.
 A mesma vida,
 os ventos poderosos,
 as choivas teimudas
 e constantes
 mataron, basoiraron,
 acabaron limpando*

*tanto lixo podre,
cheirento e venenoso.
Collidos das maos,
ollándonos aos ollos,
sen un soio desmaio,
resistimos
e rematamos por vencer.
Das feridas que recibimos
ao longo desta loita
agromaron
rosas brancas e vermellas:
este foi o xeito de cómo
se materializou o noso amor.*

Saleta e Manuel casan o día 9 de maio de 1959 en Lugo e fixan a residencia en Monforte.

Meses antes do casamento e por mor do exercicio da profesión de Procurador, Manuel María deixara Lugo e instalárase en Monforte. 1958 foi un ano de adeuses e despedidas definitivas: en xaneiro falecera en Lugo o poeta Luís Pimentel e en xuño, o pintor Carlos Maside en Santiago, amigos persoais seus, ademais de senlleiros e innovadores da poesía e da plástica galegas.

Os primeiros anos monfortinos non son doados: a precariedade do traballo profesional obrígaos a dar clases de Literatura nas academias monfortinas durante dez anos; ao tempo, mantén as colaboracións xornalísticas e fai durante dúas tempadas un programa na radio local monfortina. Mais, aínda que as necesidades económicas son moitas, rexeita o cargo de xefe de programación de La Voz de Vigo, cargo moi ben remunerado, porque esixía a afiliación á Falanxe. O respecto e dignidade persoais e mais a consecuencia e congruencia co seu ideario político nacionalista e democrático están por riba do acatamento e asimilación, aínda que só sexa formal, ao réxime ditatorial.

Entre 1959 e 1963 Manuel María e Saleta visitan habitualmente Ourense, por ser esta capital a residencia do pai de Saleta, mantendo unha intensa relación co grupo de poetas e galeguistas ourensáns (Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, etc.), aos que trataba xa desde comezo dos cincuenta pola asistencia cada 25 de xullo aos actos galeguistas que arredor da Misa de Rosalía se celebraban en Santiago.

Non obstante, acode a Lugo ás reunións que se celebraban a comezo dos sesenta na casa de Xosé Luís Méndez Ferrín, entón profesor do Colexio Fingoi, reunións nas que se analizaban os procesos revolucionarios alxeriano e cubano e constatabáanse os paralelismos das problemáticas nacionais deste pobos co galego.

Nesta década só consegue publicar dous dos sete libros de versos que escribe: *Documentos personaes* (1958) e *Mar Maior* (1963); outros, como o xa citado *Entre a arxila e a luz*, ou *Camiños de luz e sombra*, escrito en 1959, verán a luz no 2002

e 2001 respectivamente; inéditos seguen aínda a colectánea *Poemas da cinza que foi anxeio*, e o poemario *Elexías* (escrito en 1962).

Compensa as dificultades de publicación, debidas, por unha parte, ao control político que impón o franquismo e, por outra, ás deficiencias e limitacións económicas das febles estruturas editoriais galegas, coa presenza da súa poesía en múltiples revistas e xornais galegos e non galegos; poemas seus, case exclusivamente galegos, atopámoslos nas revistas *Alba* (Vigo), *Alborada* (Barcelona), *Atlántida* (A Coruña), *Aturuxo* (Ferrol), *Cántico* (Córdoba), *Céltica* (Porto), *Galicia* (Bos Aires), *Ínsula* (Madrid), *Papeles de Son Armadáns* (Palma de Mallorca) ou, entre outras, *Quatro Ventos* (Braga) e *Vieiros* (México); e nos xornais *Correo de Galicia* (Bos Aires), *De Frente* (Montevideo), *El Ideal Gallego* (Lugo-A Coruña), *El Progreso* (Lugo), *La Noche* (Santiago), *La Región* (Ourense), etc.

Como narrador, saca unha nova edición de *Contos en cuarto crecente* (1952), moi remozada no seu corpus e no seu título: *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (1962). Como dramaturgo, publica a primeiras pezas breve da serie “autos”: *Auto do taberneiro* (1957), *Auto do labrego* (1961) e *Auto do mariñeiro* (1961).

Especial atención lle presta ao plano xornalístico. Nestes anos temos documentados arredor de douscentos sesenta e cinco artigos en *Vida Gallega* (Lugo), *El Ideal Gallego* (A Coruña), *El Progreso* (Lugo) e outros medios galegos e exiliados; é nestes, liberados do control franquista, onde o galego é a única lingua utilizada. Ademais de comentarios literarios e noticias e reflexións sociolóxicas e etno-anropolóxicas, dá entrada a outros campos da cultura galega: descrições de lugares, vilas e cidades, reflexións sobre cuestións intemporais (a soidade, a morte, o aburrimiento), acontecementos puntuais da vida cultural galega ou vivencias persoais froito das súas viaxes e das relacións coas xentes que neles trata.

3. 1964-1977

A resistencia intelectual que caracterizou as etapas anteriores intensifícase e increméntase na segunda metade dos sesenta no plano cultural; ao tempo, agroma unha feble pero crecente actividade política, sindical e estudantil.

No plano político asistimos ao nacemento en 1964 dos partidos galegos nacionalistas, Unión do Povo Galego (UPG) e Partido Socialista Galego (PSG), que veñen encher o baleiro creado pola liquidación do Partido Galeguista en 1950. No plano laboral-sindical, asistimos en Vigo e Ferrol ás primeiras folgas en 1967, que se repetirán en 1970. Ao tempo, no mundo rural galego agroman as primeiras loitas labregas contra Fenosa e a política de anegamento de vales para erguer encoros. No plano estudantil, 1968 marca o inicio das revoltas e folgas na Universidade galega arredor de catro eixos: a problemática académica, a represión franquista, a conquista

das liberdades secuestradas e a defensa dunha universidade galega e nacional, eixo promovido pola UPG e o sindicato estudiantil ERGA.

Desde 1950 un grupo de galeguistas, entre os que está Manuel María, reúnense o 25 de xullo en Santiago para asistir á Misa de Rosalía, única expresión nacionalista posíbel naquel momento. Co tempo, este acto irá afirmándose e reconfigurándose até converterse en 1968 e desde entón no Día da Patria Galega.

No 25 de xullo de 1964, un grupo de nacionalistas funda a UPG. Días despois, Manuel María e Saleta intégranse na nova organización política nacionalista. Imposíbel polo momento o traballo político, o nacionalismo centra os seus esforzos no fortalecemento do tecido cultural, promovendo ou dinamizando novas entidades: Asociación Cultural de Vigo e “O Castro” de Vigo (1965), Asociación de Amigos da Cultura de Pontevedra e “Auriense” de Ourense (1967) e “Abrente” de Ribadavia (1969). Os actos organizados polas AA. CC. son diversos: cursiños de lingua, ciclos de conferencias, debates, recitais, concursos literarios, mesas redondas, ciclos de cinema, etc., e a finalidade única: analizar a realidade galega nos planos da súa esencialidade nacional e nos campos da problemática derivada de séculos de dominación e asimilación imperialista.

Consciente da urxencia deste traballo cultural, Manuel María acepta cada invitación ou chamada recibida desde calquera punto de Galiza; así, entre 1964 e 1970, intervén en vinte e oito actos culturais (conferencias, pregóns, recitais, etc.), algúns deles tan significativos como a presentación de Raimon no concerto que dá en Santiago en maio de 1967 diante de 2000 estudantes universitarios galegos, ou os actos de presentación da Nova Canción Galega no nadal de 1968 en Santiago e en xaneiro de 1969 en Madrid. Co acto celebrado en Madrid chegan as represalias franquistas: por unhas supostas alteracións da orde pública, Gobernación imponlle unha multa de 75.000 ptas. que tivo que pagar e pagou coa axuda de amigos de dentro e fóra de Galiza.

En 1968 crea as Edicións Xistral e comeza a publicación da colección de poesía “Val de Lemos”, na que saen doce libros de versos entre 1968 e 1975 de autores novos, preferentemente: Lois Diéguez, Fiz Vergara Vilariño, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo..., e tamén de poetas consagrados: Celso Emilio Ferreiro, Bernardino Graña e o propio Manuel María, entre outros. Tamén en 1968, en colaboración coa casa discográfica catalana EDIGSA, inicia a edición de discos da Nova Canción Galega, sendo o primeiro disco desta colaboración os seus *Poemas ditos coa súa voz*.

En 1970 inaugura a Librería Xistral, co fin de achegar o libro galego ás xentes do Val de Lemos. Neste ano a Real Academia Galega noméao correspondente, segundo a proposta presentada dous anos atrás polos académicos Xosé M^a Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brei e Francisco Vales Villamarín.

Axudar na construción de Galiza, recuperando a súa historia, difundindo a súa singularidade cultural, analizando os problemas (emigración, opresión, colonización, loita de clases, problemática da lingua...) que tollen o noso desenvolvemento nacio-

nal, explica a existencia da súa obra poética, que, ao ser censurada en parte ou totalmente polo aparato de control do réxime franquista, ten que acollerse aos camiños do exilio: *Versos para un país de minifundios* (1969), *Versos para cantar en feiras e romaxes* (1969) e *Remol* (1970), teñen que saír en Bos Aires e Montevideo; en Galiza só aparecen *Proba documental* (1968), *Os sonhos na gaiola* (1968) e *Canciós do lusco ó fusco* (1970), este último mutilado, sen o poema máis representativo do libro: “Canción para cantar todos os días”, que comeza cunha estarrecedora invocación colectiva, evidencia da relevancia do idioma na construción de Galiza:

*Hai que defender o idioma como sexa:
con rabia, con furor, a metrallazos.
Hai que defender a fala en loita rexa
con tanques, aviós e a puñetazos.*

Inéditos seguen dous libros-poema: *Acusación privada* e *Palabras pra lle decir á propia terra*.

E explica os tres relatos curtos, *As augas van caudales* (1965), *O alugados* (1966) e *O Xornaleiro* (1971) que escribe a mediados dos sesenta, nos que conta e canta as loitas dos labregos contra dos encoros que asolagan as terras de labradío e os pobos de Castrelo de Miño e Portomarín, os traballos das cuadrillas de segadores que cada verán ían facer as segas traballando de sol a sol ou a vida dun neno labrego inmerso nun universo de miseria. Os dous primeiros saíron na revista *Grial*; o terceiro, en Bos Aires, despois de recibir o Premio de Narrativa do Centro Galego de Bos Aires 1969.

No campo teatral, cómpre destacar *Barriga Verde* (1968), farsa na que recrea as súa vivencias como espectador do teatriño do Barriga Verde, habitual nas festas do San Froilán lugués até 1954.

Os poemas publicados en revistas e xornais son cento trinta e un, pero só corenta e catro os artigos. Mantén, pois, o nivel poético, pero non o xornalístico. Non obstante, a diferenza da etapa anterior, o galego é a única lingua empregada no campo poético e maioritariamente no campo xornalístico.

Nos setenta, desde o nacionalismo, apóianse os movementos agrarios e deféndense as reivindicacións dos labregos; promóvese a creación de sindicatos de estudantes (ERGA, 1972), de ensinantes (UTEG, 1974) e de obreiros (SOG, 1975); promóvese, animase ou afortécese o asociacionismo na procura dunha normalización cultural e política do país: Asistimos ao nacemento de novas asociacións culturais en Monforte (“Castelao”, promovida por Manuel María), Lugo (Clube Cultural “Valle-Inclán”), Ribadeo (“Francisco Lanza”), as tres en 1972; seguen, en 1973, “O Eixo”, de Santiago, “Os Cigurros”, da Rúa de Valdeorras, “Sementeira”, de Viveiro... Ao tempo, aprovéitanse todas as plataformas de comunicación de masas existentes, desde os programas radiofónicos até as seccións culturais dos xornais, ademais de boletíns informativos, folletos, programas de actos... O resultado é excelente: mul-

tiplicanse as conferencias, recitais, mesas redondas, coloquios, representacións de teatro, exposicións de libros galegos...

Pero o réxime franquista non cede, senón que intensifica o control, a censura e a represión. Manuel María, como outros galegos e galegas, ve prohibidas conferencias, recitais e mesas redondas que debería impartir na Coruña, en Lugo, en Sarria... Tamén vivían o seu domicilio. E mesmo lle imponen desorbitadas multas por participar nas manifestacións populares contra da desfeita de Galiza, caso da celebrada en Quiroga en 1976 contra da instalación dunha celulosa no Val.

Mais Manuel María mantén con firmeza o seu traballo a prol de Galiza: segue a cultivar a poesía coa mesma intensidade doutroa; dos nove poemarios escritos entre 1971 e 1977, consegue publicar sete, pero, até a morte do ditador, todos teñen que saír no exilio: *Odas pra un tempo de paz e de ledicia* (Porto, 1972); *Aldraxe contra a xistra* (Xenebra, 1973), *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* (Montevideo, 1973) e *Laio e cramor pola Bretaña* (Lisboa, 1973); *Cantos rodados pra alleados e colonizados* (1976); *Poemas pra construír unha Patria e Poemas ó Outono* (1977); *O libro das baladas* (1978); *Brétemas do muiñeiro* é o único que non consegue publicar, pero sae á fin no 2000 en Pontevedra.

Ao tempo, arredor de cen poemas seus aparecen en revistas e xornais, ora traducidos ao español (*El Urogallo* e *Fablas*), ora ao catalán (*La Falç*), ora ao inglés (*Planet*), ora ao húngaro transilvano (*Utunk*); tamén ten especial presenza nos medios portugueses (*Diário Popular*, *Diário de Notícias*, *Jornal de Notícias*, *Pasárgada*, *República* e *Vértice*); e nas escolmas colectivas galegas, españolas e catalás; ademais, o seu poemario *Cancións do lusco ó fusco* é traducido ao bretón, ao francés e, en anos vindeiros, ao holandés.

O traballo de divulgación cultural medra de xeito proporcional ao da creación de novas asociacións culturais: se nos anos cincuenta e sesenta protagoniza ou participa en sesenta e un actos, entre 1971 e 1977 farao en cento noventa e cinco, levando a súa voz e o seu maxisterio por toda as vilas e cidades de Galiza, ademais do País Vasco, Cataluña, Suiza, Bretaña e Portugal, principalmente. As conferencias e aulas son os actos máis demandados, cunha temática moi variada: as Irmandades da Fala, a Xeración NÓS, a emigración e os seus efectos económicos e sociolóxicos para Galiza, a historia de Galiza no século XIX, a poesía galega, Castelao, o teatro galego, o Rexurdimento, a problemática do ensino, Cabanillas...

Ao tempo, segue a escribir teatro, atendendo a tres motivacións: dunha banda, a participación nos certames teatrais, non só coa arela de gañar uns cartos senón tamén, e sobre todo, para evitar que esmorezan por falla de textos (con *Farsa de Bululú*, publicada en 1992, gaña o Premio de Teatro Abrente 1973, de Ribadavia; e en 1975, volve ser premiada no mesmo certame *A Revolución de 1946* ou *Abril de lume e ferro*, publicada en 1989); doutra, as demandas de grupos de teatro (*Auto trascendental da escola tradicional*, estreado en 1977 e aínda inédito) ou de amigos que queren escenificar unha peza de títeres para os seus fillos (*Aventuras e desven-*

turas dunha espiña de toxo chamada Berenguela, estreada en 1975 e publicada en 1979); e sempre, polas potencialidades didácticas e analíticas que a linguaxe teatral soporta e ofrece, e que a converten nun potente recurso de concienciación nacional, ora no plano da mímese —ver/oír falar en galego naturaliza/normaliza a expresión en galego—, ora no plano reflexivo e clarificador de actuacións, comportamentos sociais e acontecementos que o espectador ve desde dentro, inmerso na acción dramática. Tamén escribe *Auto da costureira*, *Semente de dramón dos medios de comunicación*, *Auto do maio esmaiolado* e *A lúa vai encoberta*, publicadas en 1973, 1978, 1982 e 1992 respectivamente.

E, con menor intensidade, cultiva a narrativa, ora coa estrutura da fábula —*Krikoi*, *Fanoi* e *Don Lobonís* (1973)—, ora coa arquitectura de novela —*O solpor é sempre roxo* e *O trebón brúa de lonxe*, inéditas —.

Nestes anos segue a publicar desde a colección “Val de Lemos” novas entregas poéticas. Ao pechar esta colección, en 1975, co libro de versos *Non vexo Vigo nin Cangas*, de Bernardino Graña, dona ao recién creado Frente Cultural da AN-PG, no que milita, a propiedade de Edicións Xistral, co fin de dotar ao nacionalismo galego dun soporte editorial, imprescindible para o seu desenvolvemento cultural e político.

Parellamente, como militante de base da AN-PG desenvolve un intenso traballo de difusión política, ora a través de reflexións e ensaios publicados en diversas revistas editadas polo nacionalismo (*Terra e Tempo* ou *Rego*), ora a través de reunións clandestinas coa mocidade galega. Non só está presente en cada acto de defensa transcendente de Galiza, senón que tamén é quen de renunciar como membro correspondente da Academia Galega dada a total ineficacia desta institución na defensa da lingua galega: a súa renuncia convértese en 1975 nun clamor popular contra da institución, allea aos intereses do país.

O día 27 de xullo de 1976 recibe Manuel María o vixésimo oitavo, e tamén último, premio literario; fállase o I Concurso de Guións Cinematográficos Nós, correspondéndolle o 1º premio de longametraxes ao guión intitolado *Abril de lume e ferro*. Dezaseis corresponden a poemas presentados a certames ou Xogos Florais (Concurso poético de Primavera 1957 de Vigo, Concurso Poético do Corpus 1958 de Lugo, Xogos Florais da Coruña 1960, Xogos Florais de Foz 1966, Xogos Florais Rosalía de Castro 1971 de Vilagarcía de Arousa...), sete a obras de teatro (Vilar Ponte de Teatro 1960 do Centro Galego de Bos Aires; Castelao de Teatro Galego 1964 da A. C. “O Galo” de Santiago; e os Abrente de Teatro Galego de 1973 e 1975), dous a poemarios (Premio Castelao de Poesía 1951 e Premio Pondal de Poesía 1954, os dous do Centro Galego de Bos Aires) e os tres restantes recíbeos por uns contos (Centro Galego de Bos Aires 1969), un ensaio (Concurso Nieto Pena 1964 da Radio TV francesa, de París) e o citado guión. Nos anos seguintes, os premios e distincións irán chegando sen demandalos.

E en xaneiro de 1977, meses despois da morte do ditador, á volta de Barcelona onde asistira á I Asemblea de Intelectuais, Profesionais e Artistas do Estado Español,

é detido, xunto con Saleta, e moitos outros demócratas e sindicalistas galegos, por mor dunhas supostas vinculacións dos detidos con grupos terroristas. As detencións, inxustificadas e aldraxantes, forman parte da cerimonia de confusión que arrodeou o que se nomeou pomposamente transición española da ditadura á democracia e que non foi senón un pacto para que os franquistas, convertidos en demócratas da noite á mañá, puidesen seguir a controlar o poder que usurparan e durante corenta anos ostentaran pola forza e violencia das armas.

4. 1978-1980

Este trienio é a etapa máis significativa da transición política española. O que neses anos se acordou e fixou decidiu o futuro: o texto constitucional, aprobado a finais de 1978, e o Estatuto de Autonomía, aprobado a finais de 1980, estableceron os marcos de xogo político da nova etapa. Foron anos decisivos e decisorios. Mais o proceso non tivo as necesarias garantías democráticas. As organizacións políticas nacionalistas galegas foron interesada e calculadamente mantidas na ilegalidade durante o proceso preconstitucional, quedando obrigadas a participar nas eleccións como Asociacións de Eleitores, co fin de impedir a súa presenza no Parlamento antes de que o “cambio” político, orquestrado arredor de tres puntos (Monarquía, Estado unitario e definición dun marco económico) na etapa final do franquismo, e polos franquistas, quedase pechado.

Así, o que nos anos da ditadura se presumía como un futuro de convivencia e respecto plenos dos dereitos e liberdades democráticas dos individuos e das nacións do Estado español, quedou nunha operación de troco formal que posibilitou a permanencia das estruturas políticas, culturais, económicas, sociais e relacionais que a ditadura creara. Meses despois de ser aprobada a Constitución española, Manuel María di: “En Galicia, dende a morte de Franco, teñen empeorado as condicións pra conquistar os ouxetivos do noso povo”⁷. O paradoxo está perfectamente expresado: as reformas políticas introducidas definen un teito de liberdades tan limitado e, á vez, tan definitivo que as posibilidades dunha Galiza soberana e dona do seu destino, abertas e reais de terse producido o demandado cambio político, polo que tantos e tanto se traballara, quedaron cortadas. A frustración que das palabras de Manuel María se desprende non pode ser máis evidente, e máis dramática.

Neste contexto, Manuel María celebra o seu cincuenta aniversario. O peso cultural desa fronteira remove no máis fondo duns mesmos soños, arelas, valores, proxectos... Non destrúe, reconforma, resitúa, regrada... Os cambios, que os hai, non teñen expresión física, pero si anímica, psíquica. E a poesía, testemuño da esencialí-

⁷ “*As rúas do vento ceibe*, novo libro de Manuel María”, por F. R., *Faro de Vigo*, Vigo, 17-XI-1979.

dade humana, revela como ningunha outra linguaxe os axustes que no máis esencial e inmaterial do home se producen.

Ao aproximármonos aos traballos e aos días de Manuel María acreditamos a realidade de tal convicción. Neste trienio escribe catro novos poemarios: *Catavento de neutrós domesticados* (1979), *As rúas do vento ceibe* (1979), *Poemas da labarada estremecida* (1981) e *Cecais hai unha luz*, que aínda segue inédito.

Complementariamente, cincuenta e sete poemas seus aparecen publicados en xornais e revistas galegas e portuguesas (*Açores e Lugarcomun*), ademais de escolas, programas de festas, volantinas, revistas escolares, etc.

As colaboracións xornalísticas medran, ao iniciar a sección “Andando a Terra” no semanario *A Nosa Terra*, que en decembro de 1977 sae de novo en Galiza. Son cento sesenta e tres os artigos publicados nestes anos, maioritariamente en *A Nosa Terra*, pero tamén en *El Progreso* (Lugo), *La Región* (Ourense) e programas de festas ou boletíns de asociacións culturais.

O seu traballo de divulgación cultural, xa maxisterio, lévao por Galiza e Europa durante sesenta xornadas, ora impartindo aulas de Historia de Galiza en Viveiro ou Sarria, ora falando da narrativa galega en Lugo ou en Santiago, ora recitando os seus versos ou falando dos seus libros e da súa experiencia poética. Paralelamente, a súa obra teatral é protagonista de varias representacións: *A Berenguela*, *A farsa de Bululú* son representadas polos Grupos de Teatro Guieiro de Chantada e Tagallo de Perlío (Fene). E para a campaña electoral do Estatuto de Autonomía escribe o *Auto da Autonomía*.

O traballo político, semiclandestino até entón, medra: ás xuntanzas informativas engádense as intensas campañas eleitorais, ora como candidato ao Senado do Estado, ora como candidato a Alcalde de Monforte, sendo elixido concelleiro en 1979, cargo que exerceu ate 1983 deixando no Concello de Monforte abondosas evidencias da súa capacidade de traballo, da súa tolerancia e conviccións democráticas e da súa defensa dos intereses das clases populares e do país.

E a represión continúa. Coas novas e supostamente democráticas leis (Constitución do 78, Decreto de Bilingüismo do 79 e Estatuto de Autonomía do 80), a represión polo uso do galego alcanza niveis delirantes: en 1979 unha estudante de bacharelato de Vigo é represaliada por usar o galego nos exames e varios mestres e profesores de Corme, Foxo, Bueu e Lalín son denunciados por pais, inspectores ou directores dos centros por dar as clases en galego; en 1980 mestres de Foxo e Nigrán son denunciados e perseguidos por dar as clases en galego; ábreselles un expediente disciplinario aos mestres Xosefa Baamonde e Xosé Manuel Penas, do Colexio de Dices-Rois, polo mesmo que os anteriores.

5. 1981 EN ADIANTE

Non exercía de profeta pesimista Manuel María cando afirmaba en novembro de 1979, xa aprobada a Constitución española, que a conquista dos obxectivos do

nacionalismo dunha Galiza dona de seu, desenvolvida económica e politicamente, esfareláranse desde a morte do ditador. Só estaba a facer unha valoración lúcida e realista das limitadas posibilidades de desenvolvemento político, e consecuentemente, económico, cultural e social, impostas polo novo marco constitucional. Abondaba con analizar a situación sociolingüística do galego, símbolo e paradigma do ser de Galiza: a persecución a que estaba a ser sometido desde a aprobación do Decreto de Bilingüismo, non mudou coa aprobación do Estatuto de Autonomía en 1980; seguiu con igual ou maior intensidade: en 1981, o profesor Francisco Rodríguez é ameazado por dar as clases en galego e dous alumnos de bacharelato de Vigo son represaliados por empregar o galego nas aulas; en 1982 varias mestras de Baiona son denunciadas por dar as clases en galego... A represión segue en 1984, 1985... E tamén a contestación popular: se en 1979 e 1980 Manuel María participa nas campañas organizadas polas AA. CC. galegas contra o Decreto de Bilingüismo (**Polo dereito irrenunciábel ao uso do noso idioma. Contra o Decreto de Bilingüismo**), en 1981 e seguintes farao noutras como a promovida polas Letras Galegas de 1981 por case todas as asociacións, entidades e colectivos culturais galegos, da Galiza territorial e da Galiza emigrada, baixo o lema de **En defensa do noso idioma, contra a represión lingüística**.

Seguiron a ser nos oitenta, como nos setenta, as asociacións e agrupacións culturais as entidades que vertebraron a actividade de restauración cultural galega; máis, a carón do traballo de “Abrente” (Ribadavia), “Alexandre Bóveda” (A Coruña), “Auriense” (Ourense), “Avantar” (O Carballiño), “Barqueiro” (San Adrián), “Castelao” (Monforte), “Cataventos” (Noia), “Choutizo” (Cea), “Ergueitos” (Sarria), “Espalladoira” (Castroverde), “Francisco Lanza” (Ribadeo), “Lumieira” (Chantada), “Medulio” (Ferrol), “O Eixo” (Santiago), “O Facho” (A Coruña), “O Galo” (Santiago), “Os Cigurros” (A Rúa), “Os Xermolos” (Viana do Bolo), “Sementeira” (Viveiro), “Tramallo” (Pontedeume), “Valle-Inclán” (Lugo), “Xermolos” (Guitiriz) ou as Asociacións Culturais de Vigo, agroman e afírmanse outras entidades e axentes culturais: AS-PG, AGAL, AELG, Frente Cultural da AN-PG; e andando o tempo, tamén se promoverá a cultura galega desde os colexios, institutos, concellos, asociacións veciñais... abrindo aínda máis o abano de posibilidades e perspectivas de análise e reflexión sobre a realidade galega en todos os seus planos.

Non obstante, a situación actual de Galiza segue a ser tan problemática coma outrora. Asistimos durante a etapa “democrática” á desfeita progresiva —e programada desde os órganos de decisión da UE— das nosas capacidades produtivas en todos os planos e sectores: o industrial, o agrícola, o gandeiro, o pesqueiro. As melloras, caso do plano de infraestruturas viarias, chegan tarde e non mudan a situación de atraso secular que padecemos. E no plano cultural, a desfeita foi semellante: os esforzos e traballos de entidades e asociacións culturais a prol da cultura de noso e da defensa da nosa lingua, quedaron anulados pola intensificación do proceso de colonización españolista exercida polas políticas lingüísticas antigalegas dos sucesivos gobernos autonómicos e polo incremento dos medios de comunicación ao servizo

dos intereses españolistas; de feito, durante a etapa democrática o uso do galego retrocedeu significativamente en todos campos, áreas e idades sociais, perdéndose parte das conquistas feitas nos anos sesenta e setenta. Este, e non o contrario, foi o amargo e dramático froito da pretensa Lei de Normalización Lingüística de 1983, supostamente aprobada para protexer e mellorar o uso do galego en todos os planos da vida social galega.

De todas estas desfeitas avisou Manuel María xa en setembro de 1995. Na entrevista que o día 15 de setembro de 1995 lle fan na Coruña, momentos antes de iniciarse a homenaxe nacional que a AS-PG lle organizara, fai un balance absolutamente negativo: “a sociedade galega non evolucionou moito dende o século pasado, porque hai unhas cidades máis ou menos influídas polo españolismo e o resto está reproducindo case o caciquismo do século pasado. Por exemplo, a provincia de Lugo é de Cacharro como antes era de Pepe Benito dende principios de século ate 1936; a influencia que ten Victorino Núñez ou Baltar en Ourense é a mesma que tiña o conde de Bugallal nos anos da República; a influencia que ten Cuíña no rural a min recórdame o cacicato do marqués de Riestra. Aí creouse polo desamparo, pola desorientación e a desconfianza secular un clientelismo político no seu grao de dexeneración máis absoluta”⁸. O que el di en 1995 segue a ter plena validez neste 2005.

Mais, o amor e a esperanza, levan o noso poeta a seguir a traballar en todos os campos da vida galega. O lustro 1981-85 será para Manuel María un tempo de superacións e, persoalmente, de plenitude. No plano da divulgación cultural, contabilizamos cento vinte e seis actos: corenta e tres conferencias e aulas, vinte e sete recitais, vinte presentacións de libros, once encontros ou congresos de escritores, nove coloquios ou mesas redondas, sete pregóns... e asinaturas de libros, participacións como mantenedor, xurado... teatrais. As cifras son frías, neutras, pero testemuñais dun incansábel ir e vir polos camiños de Galiza para, aínda que sexa só por dúas horas, analizar, debater, falar dos problemas, esenciais e esperanzas que conforman as esenciais, materia e singularidade da realidade galega. A súa palabra maxistral tenta pór un facho de luz e de esperanza dentro e fóra de Galiza. Fai cinco visitas a diversas cidades de Portugal (febreiro e setembro de 1982, marzo de 1983, maio de 1984 e xaneiro de 1985), tres ao País Vasco (febreiro de 1982 e maio e decembro de 1985), dúas a Suíza (maio de 1981 e maio de 1983), unha a Cataluña (xuño de 1984) e unha a Venezuela (maio de 1981). Ademais, fala en Lugo, Ourense, A Coruña, Vigo, Guiriz, O Carballiño, Noia, Bembrive, Ribas de Sil, Cea...

E entre 1986 e 1995, mantén e incrementa a súa inadiábel e insubornábel entrega á defensa de Galiza. Os actos nos que participa son trescentos dezaioito, o que nos ofrece unha media de 31/32 actos por ano, media que se mantén nos anos seguintes ata que, xa polo 2002, o mal obrígaos a repousar. Deses máis de trescentos actos, a terceira

⁸ “Manuel María: Galicia está aldeanizada”, por G. V. P., *Eco*, nº 53, A Coruña, 1995, p. 89.

parte son conferencias ou aulas (cento catro); tamén son moitas as mesas redondas e coloquios (cincuenta e dous) e ofrendas e pregóns (trinta e tres); é dicir, cento oitenta e nove actos, dados moi significativos por canto uns e outros demandan unha moi intensa preparación e atención. Tamén son relevantes os datos dos recitais, ben compartidos e colectivos, ben individuais (setenta e un). Pola contra, os actos menos esixentes, son tamén os de menor contía. Isto proba a importancia desta actividade, non realizada para gloria e satisfacción persoal senón como servizo á causa de Galiza.

Manuel María nunca soubo dicir **non** á chamada ou invitación que desde calquera ponto de Galiza un colectivo cultural, veciñal ou profesional lle fixo, aínda que tal invitación conlevase moitas horas de traballo, empregadas ora para preparar a conferencia, presentación, aula ou pregón, ora para achegarse á vila ou cidade de destino, e retornar avanzada a noite a Monforte para, ao día seguinte, cumprir coas súas responsabilidades profesionais, axudar a Saleta na librería, ter un tempo para conversar demoradamente con calquera amigo que se achegase pola rebotica da Xistral, preparar un ensaio, escribir as colaboracións semanais para *A Nosa Terra* ou *El Correo Gallego*, dar forma a un novo libro de versos, asistir ás asembleas e comisións de traballo do partido, desenvolver o traballo como concelleiro que lle foi encomendado...

Nunca soubo dicir *non* á colaboración en calquera medio de comunicación que tivese como obxectivo a difusión ou espallamento da cultura galega en calquera das súas formas de expresión. Así, poemas e artigos seus aparecerán en revistas escolares, voceiros de asociacións culturais ou colectivos da mocidade, xornais e revistas editados en Galiza ou Portugal (*Diário de Lisboa*, *Notícias de Guimarães* e *Correio do Minho*, de Braga; e *Aresta*, de Açores) e outras publicacións, como volumes solidarios —*Con Nicaragua. Homenaje al pueblo nicaragüense* (1985)—, escolmas, folletos, xornais de Feiras de Libros... até completar un total de sesenta e oito poemas publicados.

No plano creativo, o balance é máis que positivo. Hai que falar de plenitude ao valorar a súa creatividade literaria, diversificada e compensada: concede parella atención á creación poética, teatral, narrativa, ensaística e xornalística.

Nestes anos saen dous poemarios escritos en anos anteriores: e prepara outros libros, que citamos por orde de escritura. Por primeira vez todo canto escribe é publicado, aínda que algúns títulos agardan cinco anos para aparecer.

Aínda que son vinte e catro os libros de versos publicados desde 1981 ata o 2004, deles once pertencen a etapas anteriores: *Poemas da labarada estremecida* (1981), escrito o ano antes; *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (1982), escrito entre 1960 e 1980; *Cancioneiro de Monforte de Lemos* (1990), escrito entre 1960 e 1975; *Panxoliñas* (1992), escrito entre 1951 e 1964; *Poemas a Compostela* (1993) escrito en 1952; *O Miño canle de luz e néboa* (1996), reescritura de *Poemas ao Miño* de 1993; *Brétemas do muiñeiro* (2000), escrito en 1977; *Camiños de luz e sombra* (2001), escrito en 1959; *Entre a arxila e a luz* (2002), escrito entre 1956 e 1957;

Cancioneiriño de Valdeorras (2003), escrito entre 1970 e 1985; e *Elexías á miña vida pequena* (2004), escrito en 1950. Dos libros escritos desde 1981 cómpre citar *O camiño é unha nostalxia* (1985), *Versos do lume e o vagalume* (1982), *A luz resucitada* (1984), *Cantigueiro de Orcellón* (1984), *As lúcidas lúas do outono* (1988), *Oráculos para cavaliños do demo* (1986), *Ritual para unha tribu capital de Concello* (1986), *Sonetos ao Val de Quiroga* (1988), *Compendio de orballos e incertezas* (1991), *A Primavera de Venus* (1993), *Cantigas e cantos de Pantón* (1994), *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (1994) e *Sonetos á Casa de Hortas* (1997). O único poemario inédito destes anos é *Os lonxes do solpor*, do que anticipou unha dúcia de poemas nunha separata do *Boletín Galego de Literatura* (1993).

En os seus poemas seguen a aparecer en medios tan diversos como:

—Escolmas e colectáneas varias: *Homenaxe a X. M. Díaz Castro* (1987), *Os escritores lucenses arredor de Fole* (1986) *Intifada. Oferenda dos poetas galegos a Palestina* (1989), *Para Francisco Rodríguez: mar de libertade* (1989), *Homenaxe a Laxeiro* (1991), *Homenaxe a Miguel González Garcés* (1991), *Aliad-Ultreia. Poesía e pintura* (1993), *Desde 1936. Homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade* (1995)...

—Xornais e revistas galegos: *A Xanela* (Betanzos), *Amencer* (Mondoñedo), *Andares* (Pontevedra), *Bisbarra* (Cea), *Dorna* (Santiago), *El Progreso* (Lugo), *Faro de Orense* e *Follas Secas* (Ourense), *Irimia* (Vilalba), *Lucensia* (Lugo), *Papeles de Literatura infantil* (A Coruña), *Terra Cha*...

—Xornais e revistas da emigración, Portugal e outros países: *Alborada* (Barcelona), *Cadernos do Tâmega* (Amarante), *Esmorga* (Trintxerpe), *Espalladoiro* (Llodio), *Helikon* e *Korunk* (Cluj-Napoca, Romanía), *Notícias de Guimarães*...

—E tamén, nos seus libros de relatos — *A tribo ten catro ríos* (1991), *Cando o mar foi polo río* (1992) e *Viaxes e vagancias de M. P.* (1994)— e teatro —*Abril de lume e ferro* (1989) e *A lúa vai encoberta* (1992)— e nos *Cadernos monográficos da Agrupación Alén* (s/d), de Malpica.

En idénticos parámetros se move a obra teatral: son dezasete as obras publicadas nestes anos, pero cinco delas —*Abril de lume e ferro* (1989), *Unha vez foi o trebón* (1992), *Farsa do Bululú* (1992), *A lúa vai encoberta* (1992) e *Edipo* (2003)— tiveran a súa redacción nos anos setenta. Fronte a estas cinco obras, que constitúen o núcleo central da súa dramaturxia e son valiosas aportacións para a conformación do corpus textual do teatro galego, as restantes, pezas breves, retranqueiras en casos, satíricas ou esperpénticas noutros, dan testemuño dos aconteceres do tempo no que foron escritas ou de vivencias persoais: *Auto do camiñante*, *Auto do pescador de cana*, *Entremés da OTAN*, *Brevísimo Auto de Outono*, *Auto do Castromil ou a revolución dos baúes*, *Novo entremés famoso da pesca do río Miño* ou, entre outras, *Auto do regato do Cepelo*.

A obra narrativa ten especial interese e atención a partir de 1989. Un caderno de viaxe, *Cupreso e lirio* (1989), catro contos e relatos breves en diversas coleccións,

a triloxía de Manuel de Paderna (*A tribo ten catro ríos, Cando o mar foi polo río e Viaxes e vagancias de M.P.*, de 1991, 1992 e 1994) e a xenérica *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei*, de 1995, compoñen un interesante corpus narrativo no que as lendas e a recreación do mundo da infancia teñen especial protagonismo.

Destacada é tamén a súa obra ensaística e de análise, da que daremos breve noticia seguidamente. Desde sempre cultivou o ensaio, coa lucidez e rigor dun excelente lector e intérprete do día a día, que ten, ademais, información absolutamente fidedigna e privilexiada, por ser coprotagonista da realidade da que fala ou na que se sitúa o seu estudo, e que posúe unha innata curiosidade que o leva a indagar, reflexionar e estudar calquera tema ou materia.

Podemos sinalar dúas etapas ensaísticas: a primeira vai de 1958 a 1972; nela predominan os estudos sobre a literatura galega; “Notas encol da poesía de Fermín Bouza-Brei” (1958), “A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro” (1964), *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega* (1968), “Noticia del Teatro Gallego” (1970) e “Noticia da poesía galega de posguerra” (1972); aínda que tamén trata outros temas ou campos: *Raimon, poeta do noso tempo* (1967), “A nova canción galega á altura do ano 70” (1968) ou “A Terra Cha” (1971).

A segunda, enche a etapa que nos ocupa. A temática segue a ser preferentemente literaria: “A oratoria de Ramón Otero Pedrayo” (1987), *Gabriel Aresti: Albre e Pedra* (1988), *O tema da emigración na poesía galega* (1989), *Ánxel Johán. Sonetos de vida e morte* (1991), *A presenza do mar na poesía galega* (1991), “Lembranza de Vicente Risco” (1993), “Noticia de don Primitivo Rodríguez Sanjurjo” (1994), “Lembranza de Alba” (1994), “Algo da vida da posguerra en Outeiro de Rei da Terra Cha” (1995), *Poetas entre a tradición e a modernidade. Luís Amado Carballo e a súa escola poética* (1997), *A recuperación da narrativa en galego: Ánxel Fole* (1997) ou “Do Rexurdimento á renovación poética dos oitenta” (1998).

Nunha e noutra etapa, as análises realizadas denotan unha aproximación lúcida e reflexiva a través dunha lectura atenta da obra; non é unha crítica adscrita a ningunha escola ou tendencia, pero si profunda, nidia, limpa de retoricismos escolásticos e rigorosa. Todos os traballos ofrecen un importante material vivencial e experiencial, froito do vivido, do coñecemento íntimo do seu estar, convivir e/ou coprotagonizar o tempo e o espazo do autor ou obra a estudar. Escribe, pois, conciliando as reflexións derivadas, por unha banda, desa experiencia viva, e por outra, dunha lectura actual e na distancia.

Este trazo é identificador de toda a obra de Manuel María: tanto o seu mundo poético como todos os outros mundos (narrativo, teatral ou xornalístico) son proxecións de si mesmo e do seu estar e pertencer a unha época e a un tempo. Varía a expresión, que conforma o significado, pero o referente permanece: un mesmo tema ten tratamento en xéneros distintos, caso dos poemas dedicados a cidades e os artigos xornalísticos complementarios, caso dos poemas que comparten cos relatos ou contos

os mesmos temas, como se o relato quixese ser unha glosa prosificada do poema, caso do libro de viaxe *Cupreso e lirio* e o libro de poemas *A Primavera de Venus*, nados da súa experiencia florentina.

De plenitude falamos tamén no campo xornalístico. 1989 marca a fronteira entre a colaboración en *A Nosa Terra*, mantida ao longo de once anos (1978-1988), e a nova colaboración en *El Correo Gallego* (desde 1989), nos que o testemuño persoal, ora de valor autobiográfico, ora de valor anecdótico e/ou sociolóxico, ora de valor cultural, conforma unha amplísima galería de seres nos que o latexo humanizador impregna cada trazo, cada vivencia, cada lembranza evocada. Non son tipos literarios, máis os menos estereotipados os que viaxan polos seus artigos xornalísticos; son seres humanos que compartiron con el momentos ou tempos da súa vida e revélanse xornalisticamente como expresións esencializadas dunha historia da que, silenciosamente, foron e son máis vítimas que protagonistas gozosos.

Unha escolla dos seus artigos en *El Correo Gallego* saen no volume *Homes, feitos e palabras* (1996). Unha escolla semellante aparecera en 1990 co título *Manuel Hortas Vilanova. Andando a terra (1977-1987)* mais neste caso os artigos recompilados pertencían ás súas colaboracións no xornal *A Nosa Terra*.

Cómpre destacar tamén a súa activa participación nos actos e campañas que a sociedade galega organiza contra as agresións e conculcacións das liberdades e dereitos democráticos ou os intereses de Galiza; e tamén en acontecementos de celebración anual: a romaría da Santa Isabel de Outeiro de Rei, cada primeiro domingo de xullo; o Día da Patria en Santiago, cada 25 de xullo; a Feira e Festa da Música e da Arte, que organiza desde 1979 en Pardiñas, Guitiriz, a A. C. “Xermolos” cada primeiro domingo de agosto; as Xornadas do Ensino Galego, que a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG) organiza desde 1977, en diversas cidades e vilas galegas; as Xornadas Pedagóxicas Galegas, organizadas polo Instituto Galego de Sócio-Pedagogía (IGS-P) desde 1986; os Encontros Galeuzca de escritores vascos, cataláns e galegos, celebrados desde 1984 alternativamente nunha cidade das tres nacións; os Congresos de Escritores Galegos, organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) desde 1981; os Encontros de Poesía e/ou Poetas celebrados en Portugal ou Galiza (o “I Encontro Luso-Espanhol de Poesía”, organizado pola Sociedade Portuguesa de Autores; as “Xornadas de Poesía Galega, Portuguesa e Brasileira”, organizadas por un Colectivo de Estudantes de Filoloxía, de Santiago) e os “Encontros de Poesía Actual Galega”, organizados pola AELG, celebrados en 1983; o “I Encontro de Escritores Luso-Galaicos”, organizado pola Associação de Escritores en Lingua Portuguesa de Monção e Melgaço en 1985; o “I Congreso de Escritores de Língua Portuguesa”, celebrado na Fundación Calouste Gulbenkian en 1989...) e un longo, longuíssimo rosario de presenzas súas alí onde un fato de galegos demanda a súa palabra amiga e xenerosa.

Como galego, sente a necesidade de participar en todas as fronteiras, loitas e campañas que a sociedade galega abre para defenderse daqueles que zupan e destrúen

as nosas riquezas e a nosa cultura. A súa militancia galega, exercida desde finais de 1985 sen adscrición a siglas, mantívose viva e actuante até o derradeiro alento do seu vivir. Tal militancia foi unha necesidade, pois, como el mesmo ben dixo, só con actos culturais, poesía, teatro, narrativa ou ensaio non se consegue mudar o rumbo dun pobo. É necesaria a acción política. De feito, a ausencia de militancia non é, segundo el ten dito, “ningunha virtude, senón un demérito”.

Nos últimos anos da súa vida chegaron á fin as homenaxes, premios, galardóns e recoñecementos ao inmenso traballo cultural, político e literario desenvolvido a prol de Galiza. En 1990 recibe o Premio “Celanova. Casa dos Poetas” e o “O Grelo d’ouro 1990”, de Lugo; ademais é nomeado “Fillo Adoptivo de Monforte de Lemos” polo Concello de Monforte; en 1991 é elixido “Roi Xordo da Irmandade dos Vinhos Galegos” e “Amigo de Quiroga”; en 1992 é elixido “Lucense del Año”; en 1994, recibe o “Pedrón de Ouro”; en 1995 o Concello de Lugo dalle o seu nome a unha rúa da cidade, distinción que tamén lle farán os concellos de Monforte, Pobra do Caramiñal e Outeiro de Rei nos anos seguintes; en 1997 recibe o Premio “Irmandade do Libro 1996”, a Librería Casalderrey de Marín crea “Premio de Poesía Manuel María” e a AELG entrégalle a “Letra E” no marco da homenaxe “O escritor na súa terra”; en 1998 inaugúrase a Casa de Cultura de Foz, que leva o seu nome; en 1999 recibe o “Premio Otero Pedraio”, compartido con Uxío Novoneira; no 2000 os concellos e entidades culturais inician a celebración do Día das Letras Chairegas, adicándollo a el... e, no 2003, le o seu discurso de entrada na Academia Galega como académico numerario.

E tamén se reiteran as homenaxes colectivas, ora de escolares, ora de asociacións culturais, ora das xentes da radio, ora de colectivos da emigración... Entre todas elas, cómpre destacar a celebrada o día 15 de setembro de 1995 na Coruña, organizada e promovida pola AS-PG, verdadeira homenaxe nacional galega á que se sumaron asociacións culturais, partidos políticos, sindicatos, concellos, centros de ensino, músicos, pintores, escritores... Foi o merecido recoñecemento a toda unha vida de tan xenerosa coma impagábel entrega á inadiábel, fermosa e, ao tempo, dolorosa tarefa de construír unha patria, ora restaurando os seus sinais de identidade, ora analisando a súa problemática, ora invitando e animando todas e todos a exercer a súa galeguedade todos os días do seu vivir.

*Aínda teño a esperanza de poder
percorrer unha por unha
todas as parroquias de Galiza,
lugares e casais,
andar porta por porta,
dialogar persoa a persoa,
face a face,
pois non hai tarefa máis urxente,
fermosa, nidia e necesaria.*

O poema “Aínda teño a esperanza”, que abre o seu poemario *Versos do lume e do vagalume* (1982), testemuñaba esta súa arela, iniciada nos cincuenta, continuada no sesenta e setenta, e satisfeita nos oitenta e nos noventa como acreditan os datos: á altura de setembro de 1995, eran máis de setecentos os actos culturais, celebrados na Galiza territorial e na Galiza do exilio e da emigración, nos que el participara. E nos anos seguintes, ata que as doenzas o obrigaron a repousar, mantivo o seu maxisterio cultural coa mesma intensidade doutrora.

Case tres anos despois, en abril de 1998, despois de transpasar a Librería Xistral, Saleta e Manuel María trasladaban a súa residencia á Coruña para vivir desde entón no barrio de Montealto, a carón do mar.

A morte sorprendeuno (¡sorprendeunos!) en setembro de 2004 sen ver cumprido o seu soño dunha patria liberada, dunha Galiza dona de seu e capaz de afrontar o futuro con esperanza e ilusión. Á conquista de tan fermosísimo como irrenunciábel soño entregou xenerosamente o seu vivir, sinxelo, humilde, limpo e nidio coma un mencer primaveral, ou coma un solpor outonal tan amado por el. Os datos expostos así o acreditan.

En setembro do 2004 perdémolo fisicamente, mais só fisicamente. Porque Manuel María permanece, segue con nós e en nós a través da súa poesía, do seu teatro, da súa narrativa, dos seus ensaios, das súas colaboracións xornalísticas, da súa actividade política, do seu labor como editor de poesía e do seu maxistral traballo de divulgación cultural. Este é o seu legado intelectual, creativo, tanxíbel, inmorrente. Pero tamén permanece e segue con nós e en nós pola excelencia da súa paradigmática e incomparábel humanidade, entrega, xenerosidade e amor a Galiza e a todos e todas nós, os galegos. Este é o seu legado espiritual, humano, sentimental. Por iso, ao lembrar Manuel María, ao homenaxealo, estamos a reivindicar e manter vivo e aceso o facho de amor e esperanza que iluminou o seu vivir, estamos a traballar para facer realidade o seu soño, que é tamén o noso soño.

No 1º cabodano do pasamento de Manuel María.